

## CULTURA E ARTE GRECO-ROMANA

### **A RELIXIÓN:**

- **Características xerais:**
  - o **Grecia.**
  - o **Roma.**
- **Os lugares de culto:**
  - o **Os templos gregos.**
  - o **Os templos romanos.**
- **Os enterramentos:**
  - o **Grecia.**
  - o **Roma**

### A RELIXIÓN GREGA:

Era mitolóxica (explicaban o mundo con lendas), politeísta (crían en varios deuses) e antropomórfica (deuses con forma humana). Os deuses tiñan os mesmos defectos e virtudes dos homes, pero diferenciábanse deles en que eran inmortais.

Ofrecíanlle os seus deuses sacrificios de animais e produtos do campo e adiviñaban o futuro a través dos oráculos (o máis famoso o de Delfos).

### A RELIXIÓN ROMANA:

Caracterizouse pola mestura de toda clase de tradicións relixiosas (autóctonas e estranxeiras). Nun principio divinizaron tódalas forzas da natureza. Para eles as forzas divinas protexían á familia: os LARES, protexían o fogar e a familia e os PENATES, a despensa familiar. Ó entrar en contacto cos gregos, moitos dos seus deuses foron asimilados.

| LOS DIOSES SUPREMOS Y SUS ATRIBUTOS |               |                                                                           |                                      |
|-------------------------------------|---------------|---------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------|
| Nombre latino                       | Nombre griego | Identidad y símbolos                                                      | Atributos                            |
| Júpiter                             | Zeus          | Poder supremo sobre los dioses y los hombres.                             | Águila, cetro y rayo.                |
| Juno                                | Hera          | Esposa de Zeus. Matrimonio.                                               | Pavo real y diadema.                 |
| Minerva                             | Atena         | Sabiduría, artes y oficios. Victoria en la guerra.                        | Lechuza, olivo, casco y escudo.      |
| Apolo                               | Apolo         | Hermano gemelo de Ártemis. Belleza física y bellas artes.                 | Lira, flechas, laurel y sol.         |
| Diana                               | Ártemis       | Castidad y caza.                                                          | Arco, carcaj y luna creciente.       |
| Mercurio                            | Hermes        | Mensajero de los dioses y de las almas. Comercio y elocuencia.            | Sandalías, sombrero alado y caduceo. |
| Vulcano                             | Hefesto       | Esposo de Afrodita. Fuego y metales.                                      | Martillo, tenazas y yunque.          |
| Marte                               | Ares          | Amante de Afrodita. Guerra.                                               | Casco y armas.                       |
| Venus                               | Afrodita      | Nacida de la espuma del mar. Amor y belleza.                              | Concha, paloma y manzana.            |
| Ceres                               | Deméter       | Agricultura, fecundidad y amor maternal.                                  | Espigas de trigo y hoz.              |
| Neptuno                             | Posidón       | Mar y terremotos.                                                         | Tridente y caballo.                  |
| Plutón                              | Hades         | Reino de los muertos.                                                     | Can Cérbero y trono.                 |
| Vesta                               | Hestia        | Hogar.                                                                    | Llama.                               |
| Prosérpina                          | Perséfone     | Hija de Deméter y esposa de Hades. Muerte y renovación.                   | Plantas.                             |
| Baco                                | Dioniso       | Nacido del muslo de Zeus cuando murió su madre Semele. Vino y desenfreno. | Viñas, tirso y pantera.              |

**Actividade 1.-** Relaciona as palabras de ámbalas dúas columnas.

|            |                           |
|------------|---------------------------|
| Caos       | Tódolos deuses            |
| Crono      | Terra                     |
| Politeísta | Ceo                       |
| Panteón    | Saturno                   |
| Xea        | Desorden                  |
| Úrano      | Que cree en varios deuses |
| Teogonía   | Linaxe                    |
| Xenealoxía | Orixe dos deuses.         |

**Actividade 2.-** Completa os ocos en branco según a divinidad debuxada na parte superior de cada conxunto de cadros.

|            |  |  |  |  |
|------------|------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------|
| LATÍN      | <i>Dies Lunae</i>                                                                  | <i>Dies Martis</i>                                                                  | <i>Dies Mercurii</i>                                                                | <i>Dies Iovis</i>                                                                   |
| Castellano |                                                                                    |                                                                                     |                                                                                     |                                                                                     |
| Catalán    |                                                                                    |                                                                                     |                                                                                     |                                                                                     |
| Gallego    | Luns                                                                               |                                                                                     |                                                                                     | Xoves                                                                               |
| Francés    |                                                                                    |                                                                                     | Mercredi                                                                            |                                                                                     |
| Italiano   | Lunedí                                                                             |                                                                                     |                                                                                     |                                                                                     |
| Inglés     |                                                                                    | —                                                                                   | —                                                                                   | —                                                                                   |
| Alemán     | Montag                                                                             | —                                                                                   | —                                                                                   | —                                                                                   |

|            |  |  |  |
|------------|------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------|
| LATÍN      | <i>Dies Veneris</i>                                                                | <i>Dies Saturni Sabbatum</i>                                                        | <i>Dies Solis Dies Dominica</i>                                                     |
| Castellano |                                                                                    |                                                                                     |                                                                                     |
| Catalán    | Divendres                                                                          |                                                                                     |                                                                                     |
| Gallego    |                                                                                    |                                                                                     |                                                                                     |
| Francés    |                                                                                    |                                                                                     |                                                                                     |
| Italiano   |                                                                                    |                                                                                     | Domenica                                                                            |
| Inglés     | —                                                                                  | —                                                                                   | —                                                                                   |
| Alemán     | —                                                                                  | —                                                                                   | Sonntag                                                                             |


### OS LUGARES DE CULTO:

As moradas dos deuses eran os templos, e os sacerdotes e sacerdotisas eran os seus servidores.

**Actividade 3:** Orixe da palabra “contemplar”. Tenta explicar qué quere dicir esta frase.

<<La palabra <<contemplar>> proviene de “templo”, es decir, del lugar que puede ser visto desde todos los sitios, o bien desde el cual pueden verse todos los sitios; los antiguos llamaron “templo” a este lugar>> (Febo)


Os templos gregos son de orde dórico, iónico ou corintio.





Xa dende a antigüidade os templos foron clasificados según o número de columnas e a súa colocación: PERÍPTERO (cando ten unha ringleira de columnas ó redor); DÍPTERO (dobre ringleira de columnas ó redor); TOLO (pranta circular).

**Actividade 4:** Outra clasificación é a do número de columnas que hai na fachada. Tendo en conta que STYLOS, en grego, é columna, di o número de columnas que ten un templo: a) dístilo, b) tetrástilo, c) hexástilo, d) octástilo, e) eneástilo, f) decástilo.



Os templos romanos son unha mestura dos templos etruscos e dos templos gregos. Incorporaron dos etruscos unha base elevada ou podio, cunha escaleira de acceso

Ademais dos estilos gregos arquitectónicos, tamén usaron a orde toscana (moi semellante ó dórico pero con estrías no fuste e cunha basa) e a orde composta (e a orde corintia combinada co capitel do xónico)

#### A VIDA DE ULTRATUMBA:

Para os gregos era un deber enterrar ós mortos, xa que', as almas que non eran soterradas nin recibían festexos fúnebres, perseguían os familiares vivos. Púñanlle un óbolo na boca para pagar o barqueiro Caronte, que as levaba o inframundo, e contrataban pranteiras para que chorasen ó morto.

O cemiterio estaba a carón dos camiños que levaban ás cidades, e queimaban o corpo, gardando as cinzas nunha urna; logo enterrábanno e cubrían a tumba con terra.

O enterro dun romano caracterizábase pola solemnidade, no caso dos ricos; acompañaba ó morto unha comitiva: escravos tocando frauta, trompas e trompetas, portadores de antorchas, pranteiras profesionais, bailaríns, mimos,....




**Actividade 5:** Ponlle nome ós seguintes tipos de tumbas romanas: MAUSOLEO, ESTELA (ou pedra co nome do defunto), PEDESTAL, ARA ou ALTAR; CUPA DE PEDRA en FORMA DE BAÚL ou FEITA DE TELLAS; SARCÓFAGOS ESTRIGILADOS; ÁNFORAS REUTILIZADAS; TÉGULAS E ÍMBRICES.

#### **AS CIDADES:**


- **Trazado Hipodámico (Hipódamo de Mileto)**  
o **Vitruvio.**
- **As cidades gregas: Emporion.**

- Os campamentos militares romanos: castras.
- As cidades romanas.
- As vilas romanas.
- As prazas públicas:
  - o Ágora grega.
  - o Foro romano.
- As vías de comunicación. Os miliarios. As pontes.




Reconstrucción da cidade helenística de Pérgamo.

## CAMPAMENTO MILITAR ROMANO (CASTRA)



## ESQUEMA DUNHA ÍNSULA







A disposición urbanística das cidades gregas responden ó trazado HIPODÁMICO (Hipódamo de Mileto), no que as rúas corren paralelas de norte a sur e de leste a oeste.

Os romanos, pola súa parte, construíron atendendo os principios de Vitruvio: construción da muralla nun lugar sano, elevado, protexido das brétemas; deben trazarse as rúas atendendo ós puntos cardinais... As cidades soían estar amuralladas, especialmente nos lugares onde era preciso defenderse dos inimigos exteriores. Destacaron, na Península, as murallas de Barcino, Lugo, Ávila,...

Os romanos máis ricos vivían en vilas no campo. Presentamos a continuación unha comparativa entre unha vivenda grega e unha vivenda romana.



O corazón das cidades: o ÁGORA GREGA e o FORO ROMANO.

A praza pública era o centro neurálxico da vida das cidades, onde tiñan lugar os principais acontecementos de carácter social.

No ágora soían reunirse os gregos, especialmente ó mediodía, para falar dos seus asuntos da cidade e para facer compras. Estaba porticada e decorada con estatuas de divinidades e maxistrados.

**Actividade 6.-** Asocia as definicións de abaixo coas palabras seguintes: agorafobia, emporio, estoico, arquitrabe.


- Trabe principal que descansa sobre unha columna.
- Lugar de tráfico e de mercado.
- Sensación morbosa de temor ós espazos abertos
- Seguidor dunha tendencia filosófica; o seu fundador impartía as súas ensinanzas no pórtico de Atenas.

O FORO romano era unha gran praza rectangular aberta e rodeada dun pórtico con columnas, onde estaban situados os edificios importantes da cidade: CURIA(lugar de reunión do senado local), a BASÍLICA (edificio de tres naves separadas por columnas no que tiñan lugar os procesos públicos, os negocios e as transaccións comerciais); o TEMPLO adicado á Triada Capitolina (Xúpiter, Xuno, Minerva); baixo os pórticos as TABERNAE (tendas)

### AS VÍAS DE COMUNICACIÓN:

En Grecia non existía unha tradición no trazado de vías de comunicación por terra, xa que o relevo era moi accidentado. Fundamentalmente empregaron vías marítimas.

Entre os romanos, o principal motivo para a construción dunha rede viaria, que chegou a acadar os



85.000 km. de lonxitude, foi de carácter estratéxico-militar, é dicir, para trasladar ó exército e someter ós pobos conquistados. Para salvar os desnivéis ou canles de ríos, construíron pontes. Son famosas: a ponte sobre o río Bibei, a de Ourense, Ramallosa, ...

**Actividade 7.-** Observa as distintas palabras usadas polos romanos para nomear as rúas. Busca termos en castelán, galego, francés e inglés que deriven delas.

VÍA: Estrada para carros.

SEMITA: Camiño pequeno.

CALLIS: Sendeiro empregado para o paso de rabaños.

ITER: Camiño para ir a pé, a cabalo ou litera.



LIMES: Camiño de terra que a miúdo servía de fronteira entre dúas fincas.

AMBULATIO: paseo público ó aire libre.

RUPTA: Estrada para carros.

PLATEA: Espacio aberto.

STRATA: Palabra que substitúe a vía a partir do século III d.C.



Nas vías romanas había cada mil pasos uns monolitos cilíndricos, de dous metros de altura, chamados MILIARIOS. Neles recollíase: a distancia entre aquel punto e a partida ou chegada da vía. Ademais soían ofrecer información sobre o nome da vía, o seu constructor,...


Na actualidade, moitos deles foron empregados como marcos de fincas, especialmente no rural, ou como bases de altares, abrevadeiros, moas ou columnas de igrexas,...

## CONSTRUCCIÓNS HIDRÁULICAS:

1.- Acueductos.

2.- Termas.

3.- Cloacas.



### OS ACUEDUCTOS:

O abastecemento de auga nas cidades foi un problema de solución prioritaria. Gregos e romanos idearon solucións similares: pozos, cisternas e fontes.




Mais, os romanos aportaron unha innovación para o seu transporte: os ACUEDUCTOS sostidos por arquerías.

O acueducto é unha conducción que leva a auga dende un manancial cara á cidade. Destacan o de Proserpina en Mérida, o acueducto de Segovia (foto) ou o acueducto Marcio (Roma).


### AS TERMAS:

Eran os baños públicos romanos, cumprindo tres funcións: hixiénica, ximnástica e fomentadora da vida social entre os cidadáns. Estaba aberta todo o día, e o homes e mulleres tiñan distinto horario ou distinta sección.

Os romanos aproveitaron os mananciais de augas quentes para establecer balnearios: Ourense, Bande (Aqua




Querquenis),...



**Actividade 8.-** Une as palabras da columna cunha destas: FORNELA, APODITERIO, FRIGIDARIO, TEPIDARIO, CALDARIO, LACONICUM, AQUILON, HIPOCAUSTO, TRAMONTANA, ESTRÍGILES.

- Sala de baños quentes.
- Sala de baños fríos.
- Vestuario.
- Nicho.
- Sala temperada.
- Raspadores.
- doutro lado da montaña.
- vento do norte.
- Sauna.
- Cámara para quentar a habitación superior.



#### AS CLOACAS:

O sistema de saneamento das cidades romanas foi o resultado dun sinxelo pero eficaz sistema de canalizacións pechadas con lousas planas, que en ocasións formaban o pavimentos das rúas, e con canles cubertos con bóvedas de medio punto

#### **CONSTRUCCIÓN LÚDICAS:**

##### **1.- Teatros:**

**Gregos  
Romanos**

##### **2.- Anfiteatros.**

##### **3.- Circos.**

En Grecia os xogos eran conmemoracións de carácter divino, períodos de paz para honra-los seus deuses; eran os chamados xogos PANHELÉNICOS: Píticos, Ístmicos, Némeos e Olímpicos.

Roma, aínda que herdou de Grecia os xogos, en realidade estes erana unha mostra do esplendor e de diversión que apartou ó pobo das grandes preocupacións políticas.

#### REPRESENTACIÓNS TEATRAIS (Ludi Scaenici).



**TEATRO GREGO:** A orixe do teatro está vencellada ó culto que os gregos rendían a Dionisio. A traxedia e a comedia acadaron a súa plenitude con Esquilo, Sófocles, Eurípides e Aristófanes, durante o século V. a. C.

As gradas dos teatros gregos descansaban sobre a ladeira do monte, mentres os romanos, construíanse exentos, sobre un sistema de bóvedas de formigón e galerías.

A Orchestra é circular, e era utilizada polo coro para as súas evolucións; no centro había un altar a Dionisio. A Orchestra romana era semicircular con asentos para personaxes importantes. Os actores nunca actuaban nela.

TEATRO ROMANO: Para os romanos era un espectáculo máis, que tiña lugar os días de xogos públicos. Neles representaban traxedias e comedias

**Actividade 9.-** Tendo en conta a información anterior. ¿Cal de estas plantas é dun templo romano e cal dun templo grego?



OS XOGOS DO ANFITEATRO: Foron unha creación tardía de finais do século I a.C. En realidade é un dobre teatro, de forma elíptica, non circular. O espazo central (area) estaba cuberto de area. Unha inmensa tela (velum) podía cubrilo, a modo de toldo, para preservalos espectadores do sol. Existían tribunas para o emperador e os grandes personaxes. O espazo para os espectadores eran as caveas, cunhas portas para saír (vomitoria), que daban acceso ás escaleiras.

Distintos xogos:

2.1.- Combates de gladiadores: Loitaban condenados a morte ou prisioneiros de guerra. Antes de loitas, saudaban ó emperador: "Ave Caesar, morituri te salutant". Loitaban por parellas ou en grupos. O ferido morría (polgar do emperador cara abaixo) ou sobrevivía se o pobo o solicitaba (polgar cara arriba).

2.2.- Cacerías (venationes): loitas entre feras salvaxes fementas (tigres, rinocerontes, leóns...) que estaban gardadas nas cámaras baixo a area. Tamén loitaban contra homes desarmados.

2.3.- Naumaquias: xogos náuticos, ó converter a area nun estanque artificial. Representaban famosas batallas (como a de Salamina) ata a morte.


O máis famoso é o Anfiteatro Flavio (Colosseum), inaugurado polo emperador Tito no ano 80 d.C. Medía 50 m. de altura, 524 m. de perímetro e podería superar unha capacidade de 50.000 espectadores.




OS XOGOS DO CIRCO (Ludi circenses): Tiña forma de rectángulo alongado e nel ofrecíanse carreiras de carros, pequenos e lixerios, con dous cabalos (bigae) ou de catro cabalos (cuadrigae). O xinete era o auriga que ía de pé, coas rendas á cintura e o látigo na man.

O máis grande foi o Circus Maximus, que chegou a ter 600 metros de longo e 200 de ancho; e unha capacidade de ata 400.000 persoas no século IV.





DETALLES DO CIRCO ROMANO



## A ROMANIZACIÓN:

- **Definición.**
- **Elementos da romanización.**
- **A Península Ibérica: nomes das cidades e xentilicios.**

DEFINICIÓN: Proceso de penetración e asimilación das institucións sociais, políticas e culturais de Roma polas nacións que integran o seu imperio.

### ELEMENTOS DA ROMANIZACIÓN:

1.- Económicas: Apenas perfeccionouse o material agrícola. O viño xa non se transporta en toneis, senon en ánforas. Orixe dos produtos: Trigo de EXIPTO, trigo e aceite de AFRICA DO NORTE, e olivo, vide e cereais da GALIA e HISPANIA. Italia empobrecécese cada vez máis, valéndose só das provincias.

Na Minería hai unha gran actividade: Hispania proporciona ouro, chumbo, mercurio, cobre e prata; Britannia é rica en chumbo e estano e a Dacia (Rumanía) en ferro e ouro.

Nas Industrias Textis, vidro e ouriveria destacan Asia Anterior, Siria e Exipto; tecidos de Africa, cerámica Gala e aceiros de España.

O comercio é moi activo, extendiéndose sus vías por todas partes. Destacaron los puertos de Ostia, Cartago, Alexandría, Marsella, Tarragona, etc. Ó Foro (mercado) chegaban os produtos máis exóticos. Para comerciar empleaban moedas: denario de prata e o aureo imperial de ouro, ou o as.

2.- Sociais: Sociedade capitalista que se basea na explotación dos escravos. Existen as seguintes clases sociais:

a) Proletariado: traballan as minas do Estado e os Latifundios dos aristócratas. Os escravos eran prisioneiros de guerra ou por débedas. Nun principio dispoñían das súas vidas, logo suavízase.

b) Pequenos propietarios rurais: Apenas poden manterse libres, traballan as posesións do Estado ou da aristocracia. Ligados á terra.

c) Pequena burguesía: artesáns, comerciantes, agrupados en colexios con fins sociais.

d) A gran burguesía: formada por ricos negociantes e polos decurións (curia municipal) que organizan xogos, erixen monumentos e protexen ás cidades.

e) Os cabaleiros e senadores, funcionarios ou grandes propietarios, donos de luxosos cortixos.

3.- Relixiosas: Eran politeístas. Tiveron facilidade para asimilar os deuses dos pobos conquistados, excepto o Cristiano.

4.- Políticas:

4.1 - Establecemento de campamentos militares permanentes.

4.2 - Instalación de colonias romanas baixo a protección dos campamentos.

4.3 - Creación de cidades ó longo das rotas comerciais.


4.4 – Apertura de centros docentes: para latinizar ás crases acomodadas.

5.- Institucionais: Seguiu os modelos de Roma.

6.- Culturais e Artísticas: Destacaron polas sus obras públicas. O elemento cultural máis senlleiro foi a implantación do latín vulgar que era o que falaba o exército.

7.- O Dereito Romano: Nado no s. II, en tempos de Caracalla e de Adriano.

**Actividade 10:** Traduce os nomes latinos ós tempos actuais, no mapa.



*Indica de onde son naturais os habitantes de:*

abderitanos:  
bilbilitanos:  
calagurritanos:  
gaditanos:  
hispalenses:  
ilicenses:  
conimbrigenses:  
onubenses:  
palantinos:  
lucenses:  
ilerdenses:  
setabenses:  
cesaraugustanos:  
asturicenses:  
bracarenses:  
brigantinos: